

## **III SAN SILVESTRE ORDES**

### **CORRE E ANDA**

O Concello de Ordes e Club de Atletismo A Silva-Ordes celebra a III edición da San Silvestre **non competitiva**, o martes 31 de decembro de 2019 na localidade de Ordes baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago) e de acordo co seguinte:

#### **REGULAMENTO**

Poderá participar calquera persoa federada ou non federada, independentemente da súa idade ou condición física, de maneira non competitiva sen clasificación ou resultado algún. O control técnico das probas estará a cargo do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

#### **HORARIO**

Todos os participantes deberán colocarse na liña de **SAÍDA 5 minutos** antes do inicio de cada proba, que será ás **16:30 h.**, sita na rúa Entreparkes (detrás da Casa Consistorial).

#### **PERCORRIDO:**

Saída e meta na rúa Entreparkes, cunha distancia de 3,7 km aproximadamente.



### **INSCRICIONS:**

Poderán facelo visitando a páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) onde se lle indicarán os pasos que deberán efectuar para formalizar a inscrición, que será gratuita.

O prazo de inscrición rematará o **venres 27 de decembro de 2019 ás 23:59 horas.** **NON SE ADMITIRAN INSCRICIONS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.** Os dorsais recolleranse na **SECRETARIA DA COMPETICIÓN** a carón da SAIDA ata **MEDIA HORA** antes do inicio da proba.

## **PARTICIPACIÓN:**

Os inscritos doarán alimentos ou outros produtos non perecedoiros a **Cáritas Ordes**, situado nos postos correspondentes a tal fin ao carón da saída.

Anímase a tódolos participantes a acudir disfrazados ou con motivos de nadal.

Ao final do evento, haberá chocolate quente e roscón para os participantes.

### **Máis información nas páxinas web:**

- [www.ordes.gal](http://www.ordes.gal)
- [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)
- [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.